



**FUNDACIÓN PÚBLICA CIDADE DA
CULTURA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2021 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 08/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a “creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nos estatutos, os cales foron modificados coa autorización do Consello da Xunta mediante acordo adoptado o día 24 de setembro de 2015. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación de aplicación en cada momento.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades (artigo 7 dos seus estatutos):

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.

d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
4	AUMENTO OFERTA E CONSUMO CULTURA

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
4	PA 41	AUMENTO OFERTA E CONSUMO CULTURA

Os presentes orzamentos e plan de actuación debe encadrarse no PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020 (aprobado polo Parlamento de Galicia o día 11 de maio de 2016):

Eixe 4: Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno.

Prioridade de actuación (PA 4.1.): Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza.

Obxectivo estratéxico (OE 4.1.1.): Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada a través das actividades da industria cultural e creativa galega.

Obxectivo operativo: Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar unha estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.

No exercicio 2021, catro son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

1) No eido da promoción e comunicación, as demandas veñen determinadas por unha situación sanitaria na que persistirán as restricións derivadas da pandemia provocada polo COVID-19, con impacto directo no nivel de actividades da Cidade da Cultura. Isto supón dar prioridade por eventos de pequeno formato e os contidos online. Outros elementos condicionantes da planificación son a celebración do Xacobeo, no que se agarda un papel importante da Cidade da Cultura, a reestruturación do Goberno galego, cun maior número de actos relacionados coas competencias de Educación e Universidade no propio complexo, e o remate do edificio Fontán. Neste contexto, as novidades para o ano 2021 se traducen nun incremento das partidas vencelladas á creación e difusión de contidos audiovisuais e dixitais, así como de retransmisións en streaming, visitas virtuais, campañas de promoción online; e, a maiores, na implementación de melloras urxentes na páxina web e nas plataformas dixitais que emprega a Cidade da Cultura (sistemas de inscrición, aloxamento de video, indexado de arquivos, etc. Diminúe, por tanto, a produción de contidos editoriais e distribución de materiais publicitarios en papel, ante as restricións vixentes.

2) No que atinxe á programación cultural, os eixos da programación cultural sintetízanse en cinco capítulos principais (exposicións, música e escena, letras e pensamento, actividades en familia, e visitas (accións divulgativas). A programación cultural, considerando a gran reflexión que neste eido provocou a incidencia da pandemia, terá en conta os seguintes obxectivos específicos:

- Atender ao sector profesional galego, sendo o Gaiás motor económico para a recuperación dun sector moi afectado profesionalmente.
- Creación de contidos culturais e de novas vías de investigación e divulgación.
- Creación de contidos dixitais.

- Contribucións ao ano Xacobeo.
- Potenciación das colaboracións e relacións institucionais con entidades de relevo cultural.
- Impulso na relación/interactuación co público.

Nestas liñas encaixarían as propostas de Escenas do Cambio e Atardecer no Gaiás, as colaboracións co Centro Dramático Galego, a promoción do folclore popular galego da man do “Serán 3.0.”, ou a a terceira das grandes exposicións do Xacobeo 2021, “Galicia Futura”, na que se pretende amosar os contidos actuais e futuros dun territorio caracterizado pola creatividade en todos os aspectos do saber, e que permitirá unha interrelación con moitas entidades produtivas e culturais galegas. Igualmente, proxectos de intervencións de temática xacobeas conectados coa Vía da Prata, ou plantacións no que podería configurar o Bosque do Camiño.

Segue apostándose polo formato do Encontro de Artistas Novos, as intervencións paisaxísticas nas Torres Hedjuk ou o proxecto “Reb/veladas na paisaxe”, dun xeito decidido a apoiar a creatividade artística galega. Como novidade, diversifícase a programación relacionada coa familia e coa música ao longo do ano, mediante a creación de pequenos ciclos ou programas de primavera, verán e outono (sempre coa incerteza da evolución da situación epidemiolóxica). Mantense programas familiares como o de Pequefilmes e Nadal no Gaiás.

A programación dunha institución cultural debe ser entendida dun xeito global. Os contidos en rede dun equipamento cultural deben partir da súa programación e ser parte da mesma. A actual crise puxo de manifesto o febles que son os contidos culturais en rede da comunidade galega. As visitas virtuais deben ser un extra para visitantes e centros educativos para completar e complementar a visita física ao espazo. O exemplo das actividades realizadas durante o confinamento ou desescalada no ano 2020 (Club de Lerchiñas, Escoliñas de Merlins e Morganas, foros #aculturasegue, retransmisión en streaming de concertos, etc.) son claros cos que a Fundación quere chegar á xente alonxada fisicamente.

3) Polo que respecta ao Centro de Emprendemento, as obras de ampliación da capacidade do Centro de Emprendemento, e a reestruturación dos espazos levados a cabo no ano 2020, xunto coa posibilidade de crear novos espazos para a creatividade no Gaiás, deben marcar unha nova orientación dos novos servizos e contidos a ofertar neste eido. Importantes serán as políticas que xurdan do proceso participativo-colaborativo e que se reflectan no novo plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia.

4) No que se refire á rendibilidade dos espazos mediante a súa posta en valor económica, procurárase dar solucións ás distintas iniciativas culturais e tecnolóxicas, tanto temporais como permanentes, que queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás, nun contexto onde os eventos tenden a mesturar a presenza cos retransmisións daqueles

por outras canles dixitais. A posta en funcionamento de elementos comúns do Edificio Fontán (auditorios, pequenas aulas), provocará un aumento da oferta de espazos co seu correspondente valor.

No capítulo de investimentos, a actuación máis importante está destinada á finalización do Edificio Fontán, que, de acordo co convenio de colaboración asinado coa daquela denominada Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 4 de xullo de 2018, aloxará nas súas dependencias o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, así como os servizos do Consorcio Interuniversitario do sistema universitario de Galicia, e a Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia. A este investimento en obra haberá que engadir o equipamento básico en espazos comúns, e a dotación dos sistemas de telecomunicación necesarios.

Outras actuacións destacables son:

Pista BMX, mellora da contorna coa AP-9 e remate fase 3 Bosque de Galicia.

Xardín vertical en estrutura baleira do Xardín do Teatro.

Novos espazos de creación artística.

Proxecto de accesibilidade universal

Equipamentos e dotacións para a Biblioteca de Galicia e os edificios do Museo e CINC (compactos, audiovisuais, mellora acústica)

Por último, prevese que ao longo do ano 2021 se elabore un novo plan estratéxico para a Cidade da Cultura, que marque a folla de ruta dos próximos anos en sintonía coa nova realidade edificatoria derivada da finalización das obras de intervención paisaxística, urbanización e edificación, e ao fío dos novos retos, moitos deles condicionados pola situación epidemiolóxica actual.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2021	2022	2023
OE 411	AUMENTO OFERTA E CONSUMO CULTURA	17.268.124	9.013.046	8.486.429
	TOTAL	17.268.124	9.013.046	8.486.429

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2021	2022	2023
01	Desenvolver programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea e impulso estratexia de innovación en sistema cultural/creativo	17.268.124	9.013.046	8.486.429
	TOTAL	17.268.124	9.013.046	8.486.429

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2021	2022	2023	UNIDADES
01	EVENTOS E ACT. CULTURAI	110	200	200	NUMERO EVENTOS
02	ASISTENTES A ACT. CULTURAI	140.000	180.000	180.000	NUMERO DE PERSOAS
03	EVENTOS ALLEOS A ACCION CULTURAL	430	450	480	NUMERO EVENTOS, PRESENCIAIS OU NON
04	OCUPACIÓN ESPAZOS CEM	90	95	100	PORCENTAXE OCUPACIÓN
05	ASISTENTES A ACTIVIDADES EMPRENDEMENTO	6.000	8.000	10.000	NÚMERO DE ASISTENTES
06	SOCIOS CLUB GAIAS	5.500	6.000	6.500	NÚMERO DE SOCIOS
07	SEGUIDORES EN REDES SOCIAIS	100.000	110.000	120.000	NÚMERO DE SEGUIDORES
08	IMPACTOS LOGRADOS EN MEDIOS COMUNICACION	1.500	1.600	1.700	COBERTURA E DIFUSIÓN ACCIÓNS COMUNICACION
09	ROLDAS PRENSA E ACTOS PRESENTACIÓN CON MEDIOS	40	60	60	NÚMERO DE ACTOS
10	USUARIOS BBDD PARA RECIBIR INFORMACIÓN ACTIVIDADES	15.500	18.000	21.000	NÚMERO SUBSCRICIONS
11	ACCESOS A PÁX. WEB cidadedacultura.org	250.000	275.000	300.000	NUMERO ACCESOS
12	NOTAS DE PRENSA ENVIADAS A MEDIOS	100	120	120	NÚMERO NOTAS PRENSA

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2021	CONCELLO
ACCESIBILIDADE UNIVERSAL	2.021	2.022	300.000	150.000	1538078
ACUSTICA MUSEO	2.021	2.021	75.000	75.000	1538078
AUDIOVISUAIS SALAS/AUDIT EQUIPAM/APLICAC	2.021	2.021	290.000	290.000	1538078
BOSQUE GALICIA. FASE 3	2.021	2.021	120.000	120.000	1538078
COMPATOS/EQUIPAM. BIBLIOTECA	2.021	2.021	175.000	175.000	1538078
DF/CC OBRAS	2.021	2.021	125.000	125.000	1538078
EDIFICIO FONTAN	2.018	2.021	14.784.924	4.900.116	1538078
EQUIPAMENTO BASICO FONTAN	2.021	2.021	834.000	834.000	1538078
MELLORA ENTORNO AP9	2.021	2.022	140.000	110.000	1538078
MODIFICADOS OBRA FONTAN	2.021	2.022	1.520.000	1.060.000	1538078
NOVOS ESPAZOS CREACION CEM	2.021	2.023	600.000	200.000	1538078
OUTROS	2.021	2.021	665.295	215.295	1538078
PISTA BMX	2.020	2.021	169.579	118.705	1538078
RENOVACION PAX WEB	2.021	2.022	100.000	75.000	1538078
TELECOMUNICACIÓNS EN FONTAN (AUDIT/WIFI)	2.021	2.021	477.000	477.000	1538078
URBANIZACION FASE II. LIQUIDACION	2.021	2.021		325.000	1538078
XARDIN VERTICAL	2.021	2.021	150.000	150.000	1538078
		TOTAL	20.525.798	9.400.116	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.371.427	6.296.581	9.400.116
TOTAL	1.371.427	6.296.581	9.400.116

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2021	2022	2023
COLABORACIÓNS E OUTRAS ACHEGAS	3.850.000	1.200.000	1.200.000
INGRESOS ORDINARIOS ACTIVIDADES MERCANTÍS	15.000	10.000	10.000
OUTROS INGRESOS	10.000	5.000	5.000
RENDAS E OUTROS INGRESOS DERIVADOS DO PATRIMONIO	647.956	560.397	532.700
VENDAS E PRESTACIÓNS SERVIZOS ACTIVIDADES PROPIAS	15.000	25.000	30.000
TOTAL	4.537.956	1.800.397	1.777.700

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE	5.430.052	5.015.052	5.730.052
TOTAL	5.430.052	5.015.052	5.730.052

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
Nº Empregados	31	31	33
Custo Total	1.208.716	1.250.600	1.371.427,48
Custo Medio	38.990,83	40.341,93	41.558,4

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023
621 ALUGUEIROS	8.269	8.277	12.000	12.000	12.000
622 MANTEMENTO	802.435	1.014.246	1.069.709	1.091.103	1.112.925
623 SERVICIOS PROFESIONAIS	141.148	153.682	209.000	151.980	155.019
624 TRANSPORTE	181.313	114.606	108.500	120.000	120.000
625 PRIMAS SEGURO	110.280	113.102	102.672	92.000	92.000
626 SERV. BANCARIOS	114	44	200	200	200

DESCRIPCIÓN	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023
627 PUBLICIDADE/ INFORMAC/RELAC. PUBLICAS	628.173	537.463	714.000	728.280	742.846
628 SUBMINISTROS	1.739.547	1.605.867	1.764.540	1.799.831	1.799.831
629 OUTROS SERVIZOS (PROGRAMACION CULTURAL, LIMPEZA, SEGURIDADE)	3.104.101	2.551.508	2.399.800	2.447.796	2.496.752
TOTAL	6.715.380	6.098.795	6.380.421	6.443.190	6.531.573

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
DOTACIÓN AMORTIZACION INMOB. INTANXIBLE	30.949	22.384	21.679
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOBL. MATERIAL	10.116.993	10.253.900	10.374.438
TOTAL	10.147.942	10.276.284	10.396.117

Subvencions concedidas pola entidade

SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
AXUDAS AO EMPRENDEMENTO E C. CAPITALIDADE	36.000	0	0
TOTAL	36.000	0	0

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencions de capital recibidas

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	6.717.027	7.450.000	7.000.116
TOTAL	6.717.027	7.450.000	7.000.116

Remanente de Tesourería

	2019	2020
1. Fondos líquidos	727.473	161.149
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	23.044.140	19.708.000
Do orzamento corrente	23.044.140	19.708.000
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	6.276.674	2.618.199
Do orzamento corrente	6.276.674	2.618.199
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0

	2019	2020
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	17.494.939	17.250.950
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	17.494.939	17.250.950

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
INMOBILIZADO INTANXIBLE	3.324	1.183	75.000
INMOBILIZADO MATERIAL	7.394.804	8.372.828	9.325.116
TOTAL	7.398.128	8.374.011	9.400.116

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A totalidade do orzamento de explotación financiarase cos ingresos propios da Fundación, complementados coas subvencións á explotación con cargo á Xunta de Galicia, previstas no presente orzamento. As previsións de financiamento externo das necesidades de explotación son:

Transferencias correntes Xunta: 5.730.052,00 €

As aplicacións de capital financiaranse con cargo á subvención de capital outorgada pola Xunta de Galicia, de acordo coa seguinte distribución atendendo ao axente financiador:

Consellería de Cultura, Educación e Universidade: 4.500.000,00 €

Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Edificio Fontán): 2.500.115,72 €

A parte restante dos gastos de capital financianse coas aportacións procedentes doutras entidades, de acordo cos convenios asinados.

Cumprindo cos obxectivos marcados, sen desviacións significativas nas distintas partidas, non existen dúbidas sobre a viabilidade financeira da Entidade, sen que se contemple chegar financiamento alleo, ausente, por outra banda, do balance da Fundación.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.01

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) Activo non corrente		231.959	230.057	229.061
I. Inmovilizado intanxible		49	28	81
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas	16	9	76	
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible	32	19	5	
II. Bens do patrimonio histórico	368	368	368	
1. Bens inmoables				
2. Arquivos	354	354	354	
3. Bibliotecas	15	15	15	
4. Museos				
5. Bens mobles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material	227.314	225.433	224.384	
1. Terreos e construcións	198.775	197.842	217.746	
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material	15.936	10.482	6.638	
3. Inmovilizado en curso e anticipos	12.603	17.109		
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	4.228	4.228	4.228	
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros	4.228	4.228	4.228	
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente	27.839	22.937	26.526	
I. Existencias	66	66	69	
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados	66	66	69	
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	7	5	2	
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	23.038	19.703	22.161	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	1	1	1	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios	175	186	160	
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	22.862	19.516	22.000	
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	4.000	3.000	3.000	
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
Formulario F.01				
FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA				
		(En miles de euros sen decimais)		
	BALANCE. ACTIVO	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
	5. Outros activos financeiros	4.000	3.000	3.000
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	1	1	1
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	727	161	1.294
	1. Tesourería	727	161	1.294
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	259.798	252.993	255.587

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.02

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) Patrimonio Neto		252.321	249.175	250.649
A-1) Fondos propios		46.597	44.113	44.344
I. Dotación fundacional/Fondo social		61.170	61.170	61.170
1. Dotación fundacional/Fondo social		61.170	61.170	61.170
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		-1	-1	-1
1. Estatutarias				
2. Outras reservas		-1	-1	-1
III. Excedentes de exercicios anteriores		-11.457	-14.572	-17.057
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)		-11.457	-14.572	-17.057
IV. Excedente do exercicio		-3.115	-2.484	231
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		205.724	205.062	206.305
I. Subvencións		189.138	189.480	190.727
II. Doazóns e legados		16.586	15.582	15.578
B) Pasivo non corrente		1.200	1.200	
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestruturación				
4. Outras provisións				
II. Débedas a longo prazo		1.200	1.200	
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		1.200	1.200	
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		6.277	2.618	4.937
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		3.439	1.768	3.090
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		3.439	1.768	3.090
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores		30		
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		2.808	850	1.847
1. Proveedores		27		
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		2.100	197	1.593
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		681	653	254
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		259.798	252.993	255.587

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.03

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	6.547	6.095	9.595
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios	23	15	15
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	44	65	450
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio	6.480	6.015	9.130
d) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	65	12	15
3. Gasto por axudas e outros	-36		
a) Axudas monetarias	-36		
b) Axudas non monetarias			
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno			
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	12		70
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
6. Aprovisionamentos	-69	-20	-80
7. Outros ingresos de explotación	776	607	648
8. Gastos de persoal	-1.209	-1.251	-1.371
a) Soldos, salarios e asimilados	-946	-985	-1.080
b) Cargas sociais	-262	-266	-292
c) Provisións			
9. Outros gastos de explotación	-6.751	-6.143	-6.417
a) Servizos exteriores	-6.715	-6.133	-6.380
b) Tributos	-36	-11	-36
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais			
d) Outros gastos de xestión corrente			
10. Amortización do inmovilizado	-10.148	-10.276	-10.396
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio	7.710	8.036	8.157
12. Excesos de provisións			
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado			
a) Deterioros e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras			
14. diferencia negativa de combinacións de negocio			
15. Outros resultados	-3	446	
Gastos excepcionales	-25		
Ingresos excepcionales	23	446	
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)	-3.106	-2.494	221
16. Ingresos financeiros	4	10	10
a) De participación en instrumentos do patrimonio			
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	4	10	10
17. Gastos financeiros	-12		
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas			
b) Por débedas con terceiros.	-12		
c) Por actualización de provisións			
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros			
19. Diferencias de cambio			
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro			
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)	-9	10	10
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-3.115	-2.484	231
23. Imposto sobre beneficios			
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)	-3.115	-2.484	231
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
Formulario F.03				
FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA				
		(En miles de euros sen decimais)		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
1. Subvencións recibidas		12.709	14.353	17.530
2. Doazóns e legados recibidos		99		
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)		12.808	14.354	17.530
C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Subvencións recibidas		-13.186	-14.081	-16.287
2. Doazóns e legados recibidos		-1.004	-1.005	-1.000
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)		-14.190	-15.086	-17.287
D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)		-1.382	-732	243
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO				
F) AXUSTES POR ERROS				
G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL				
H) OUTRAS VARIACIÓN				
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		-4.497	-3.217	474

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.04

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-3.115	-2.484	231
2. Axustes no resultado	2.464	2.230	2.159
a. Amortización do inmovilizado (+)	10.148	10.276	10.396
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	17		-70
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	-7.710	-8.036	-8.157
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-4	-10	-10
h. Gastos financeiros (+)	12		
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-3.333	1.378	-1.361
a. Existencias (+/-)	-29		68
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-3.165	3.696	-1.609
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-32	-2.318	180
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-106		
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-8	10	10
a. Pagos de intereses (-)	-12		
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	4	10	10
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-3.992	1.135	1.039
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-6.027	-8.535	-7.843
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-3	-1	-75
c. Inmovilizado material (-)	-6.024	-8.534	-7.768
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)	1.000	1.000	
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)	1.000	1.000	
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-5.027	-7.535	-7.843
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	7.328	7.339	9.435
a. Aportacións a tación fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	7.328	7.339	9.435
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro	1.488	-1.505	-1.469
a. Emisión	1.488		
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)	1.488		

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021			
Formulario F.04			
FUND. PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
b. Devolución e amortización de:		-1.505	-1.469
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)		-1.505	-1.469
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	8.816	5.835	7.966
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	-203	-566	1.161
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	930	727	161
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	727	161	1.294

